



Fai os teus equipos e xoga limpo

Organiza e separa o teu lixo na casa.
Será moi fácil e rápido, e axudarás a túa cidade e o ambiente.



ÍNDICE

I. QUE SON OS RESIDUOS?

- RESIDUOS URBANOS
- RESIDUOS PERIGOSOS

II. QUE PODEMOS FACER OS CONSUMIDORES?

- REDUCIR
- REUTILIZAR
- RECICLAR
- RECUPERAR

III. ONDE COLOCO CADA RESIDUO?

-OS COLECTORES

- COLECTOR DE ENVASES
- COLECTOR DE PAPEL
- IGLÚ DE VIDRO
- COLECTOR XENÉRICO
- COLECTOR DE RESIDUOS ORGÁNICOS
- COLECTORES DE PILAS

-QUE FACER CON ESTES OUTROS RESIDUOS?

- ACEITES VEXETAIS
- MEDICAMENTOS
- VOLUMINOSOS: MOBLES E TRASTES
- RESIDUOS DE APARATOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS
- ROUPA, TRAJOS, CALZADO
- RESTOS DE PODAS
- LENTEUS USADOS
- MÓBILES
- CARCASAS DE ORDENADORES
- CARTUCHOS DE IMPRESORA
- ACEITES DE VEHÍCULOS
- BATERÍAS DE COCHES
- PNEUMÁTICOS FÓRA DE USO
- PRODUTOS FITOSANITARIOS

-PUNTOS LIMPOS

IV. LEXISLACIÓN

- UNIÓN EUROPEA
- ESTADO ESPAÑOL
- GALICIA

xoga limpo



Fai os teus equipos e xoga limpo: Organiza e separa o teu lixo na casa. Será moi doado e rápido e axudarás á túa cidade e ao ambiente

Introducción

As sociedades humanas sempre produciron residuos, pero é agora, na sociedade de consumo, cando o volume dos lixos creceu de forma desorbitada. Está comprobado que a maior calidade de vida, maior cantidade de residuos. Cada vez consumimos máis produtos envasados con caixas, bolsas, embalaxes... e ademais incrementouse a cantidade de produtos tóxicos que utilizamos ata, converterse nun gravísimo problema. Estamos inmersos na cultura de usar e tirar e no lixo de cada día están os recursos que dentro de pouco botaremos en falta.

En España, cada habitante produce de media 1,5 quilos/día de residuos dos que o 65% é material recuperable ou reciclable. O 60% do volume e o 33% do peso constitúeno envases e embalaxes, na súa maioría dun só uso, normalmente fabricados a partir de materias primas non renovables ou que, aínda que o fosen, se están explotando a un ritmo superior ao da súa rexeneración. Ao anterior temos que engadir que no fogar tamén se producen residuos derivados de pinturas, disolventes, insecticidas, produtos de limpeza etc., considerados residuos perigosos porque supoñen un risco importante para a saúde ou o medio, malia que só representan unha pequena porcentaxe dos residuos urbanos.

Todo este lixo pode ser levado a vertedoiros, pero ocupa moito terreo e contamina chans e augas. A incineración tampouco é a solución, pois emítense contaminantes atmosféricos e prodúcense cinzas e escouras moi tóxicas. A solución pasa pola recuperación e a reciclaxe, pois algúns residuos son unha fonte potencial de enerxía e materias primas que poden aproveitarse nos ciclos produtivos.

Coa evolución da sociedade aumenta a nosa sensibilidade ambiental, a nosa preocupación pola natureza. Para que as cousas cambien, debemos de poñer en práctica a consigna das catro erres: reducir, reutilizar, reciclar e recuperar, nesta orde de importancia. En definitiva, os cidadáns debemos concienciarnos e adquirir novos hábitos de compra, reducir os nosos residuos, realizar a separación selectiva dos distintos tipos de lixo etc.

¿Qué son os residuos?

Os residuos son obxectos e restos de obxectos e seres vivos que se xeran durante a obtención, preparación e consumo doutros produtos ou eses mesmos obxectos e produtos, cando por razóns diversas –desgaste ou rotura– perden valor ou utilidade.

RESIDUOS URBANOS (RU)

Residuos urbanos ou municipais (RU) son os xerados nos domicilios particulares, comercios, oficinas e servizos, así como todos aqueles que non teñan a cualificación de perigosos e que, pola súa natureza ou composición, poidan asimilarse aos producidos nos anteriores lugares ou actividades. Terán tamén a consideración de residuos urbanos os seguintes:

- Animais domésticos mortos, así como mobles, aparellos e vehículos abandonados.
- Residuos e entullos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.

Segundo a súa composición, os distintos compoñentes dos residuos urbanos engóbanse en tres grupos: inertes (metais, vidro, restos de reparacións domiciliarias, escouras e cinzas), fermentables (restos de alimentos) e valorizables (papel, cartón, plásticos, madeira, gomas, coiros, téxtiles e outros).

En Vigo, unha ordenanza municipal prohíbe rigorosamente:

a) Botar ás vías e espazos públicos calquera tipo de residuos, desperdicios, papeis e similares, debendo utilizar, quen desexe desprenderse dos de pequena entidade, as papeleiras instaladas para tal fin.

b) Tirar nas beirarrúas ou calzadas desperdicios e, en xeral, calquera residuo, produtos líquidos, lixivias ou deterxentes procedentes da limpeza dos locais ou vivendas.

d) Depositar nas papeleiras produtos líquidos e outros residuos sólidos que non sexan papeis e asimilables a estes ou pequenos obxectos inservibles dos que desexe desprenderse o posuidor na rúa.

e) Depositar outros residuos ou materias distintas nos recipientes destinados ao depósito e recollida selectiva dun tipo de residuos.

RESIDUOS PERIGOSOS

Aquí engóbanse os residuos que presentan as características especificadas polas diferentes normativas ambientais, incluíndo, así mesmo, os recipientes e envases que os contivesen e se destinen ao abandono. Para estes residuos esíxese, en función das súas características físicas ou químicas un proceso de tratamento, recuperación ou eliminación específica.

Nos utilizamos algúns produtos que conteñen substancias ou materias perigosas:

Tubos fluorescentes e outros residuos que conteñen mercurio.

- Pilas.
- Medicamentos.
- Pinturas, tinguiduras, resinas e pegamentos.
- Disolventes.
- Produtos químicos fotográficos.
- Insecticidas.
- Fertilizantes etc.

Estes e os seus envases ou recipientes, considéranse residuos perigosos de orixe doméstica.

¿Qué podemos facer nós?

Unha vez que usamos e desbotamos un produto, este pode ser considerado como lixo e pode ser recuperado para minimizar, deste modo, o impacto ambiental que ocasiona. Esta práctica é cada vez máis frecuente e pódese levar a cabo a través de distintas alternativas, como son a reutilización do produto, a reciclaxe dos seus materiais ou calquera outra modalidade de revalorización destes, como son a reparación e o reprocesamento.

Para posibilitar a reciclaxe, debemos separar o lixo que producimos diariamente. Estes materiais serán despois recollidos e tratados para que poidan volver ser utilizados como materia prima na produción de novos produtos. Debemos separar o papel, as embalaxes e o vidro do resto do lixo antes de tiralos nos colectores e ter coidado de que as pilas e as baterías vaian aos colectores especiais.

A nivel práctico, os residuos domésticos son un problema con doadas solucións: REDUCIR, REUTILIZAR, RECICLAR, RECUPERAR

De todos é sabido que os residuos se deben evitar; os inevitables débense aproveitar e os non aproveitables débense tratar dun xeito ambientalmente correcto.

REDUCIR

Evitar o consumo de produtos excesivamente empacados. Cando vaíamos facer a compra, debemos levar a nosa propia bolsa e rexeitar as bolsas que non necesitamos. Os produtos de tamaño familiar xeran menos residuos.

REUTILIZAR

Reutilizar o papel, o cartón, as bolsas de plástico todas as veces que poidamos antes de levalas ao colector para reciclar.

RECICLAR

Para posibilitar a reciclaxe, debemos separar o lixo que producimos diariamente. Eses materiais serán despois recollidos e tratados para que poidan volver ser utilizados como materia prima na obtención de novos produtos.

RECUPERAR

Elixir os produtos que teñan máis longa duración, que poidan ser reparados en caso de avaría ou rotura e levalos a arranxar cando sexa necesario.



NATURNOVA

CENTRO INTERACTIVO DE
EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL



¿Onde coloco cada resíduo?

Existen colectores específicos nos que depositar papel e cartón, vidro, envases de plástico, latas e briks. A materia orgánica e o resto dos residuos non perigosos depositanse, segundo a xestión de cada concello, ben nun único colector, como en Vigo, ou en dous diferentes.



COLECTOR DE ENVASES (normalmente de cor AMARELA): envases de plástico, latas e bricks

Que depositar nel:

• Envases de plástico

Botellas de plástico que contivesen alimentos (refrescos, auga, leite, aceite vexetal, salsas...), frascos, caixas de plástico, botes de plástico de produtos de aseo ou limpeza (xel de baño, xampú, deterxente líquido, lavalouza, limpadores do fogar, suavizante...), bolsas de plástico (da compra, de aperitivos, de bolería industrial...), vasos de iogur, plástico filme (plástico de cociña para envolver), redes de envoltorio de froitas e verduras, envases retractilados, bandexas e terrinas de plástico, bandexas de porexpán ou cortiza branca, sobres de mensaxería, embalaxes de protección, tapas e tapóns.

• Envases metálicos

Latas de latón (de conservas, alimentos precociñados, aperitivos, galletas) ou de aluminio, como as de refrescos, outros botes metálicos (escuma de afeitar, aerosois...), papel de aluminio, bandexas de aluminio de conxelados, tapas metálicas de botes e botellas.

• Envases tipo brik

Briks de viño, de zumes, de conservas, de leite, doutros produtos lácteos, como nata líquida, sobremesas e todo o que leve láminas de aluminio ou outro metal...

De forma xeral, introdúcese no colector amarelo todos os envases de plástico, latas e briks que leven impreso o punto verde:

Éste é un logotipo que indica que quen puxo ese envase no mercado pagou para que o devandito envase, unha vez depositado no colector correspondente, sexa recollido e reciclado.

Non depositar:

Envases con restos de produtos tóxicos e outras cousas que non sexan envases, como: xoguetes, cepillos de dentes, rotuladores, películas de vídeo, carretes de fotos, cables eléctricos, enchufes, ferramentas, electrodomésticos etc. Tampouco luvas de goma e de látex.

¿Sabías que?

...sobre los reciclajes

A reciclaxe de plástico permite aforrar petróleo e gas natural (recursos non renovables), que son as dúas materias primas máis usadas na fabricación deste material.

Unha lata de aluminio tarda en descompoñerse entre 200 e 500 anos

Unha lata de bebida pode ser infinitamente reciclada sen que perda calidade

O aluminio obtido a partir de envases usados aforra o 95% da enerxía necesaria para producir aluminio a partir de materias primas minerais.

¿Sabías que?

O papel limpo tarda en descompoñerse de 2-4 meses.

O papel de xornal incorpora, en moitos casos, o 70% de fibras recicladas.

O ciclo do papel é integrado e sustentable: parte dunha fonte renovable e natural de materia prima, a árbore, que fixa dióxido de carbono e produce madeira, da que se obtéñen as fibras de celulosa coas que se fabrica o papel. Este, unha vez utilizado, recíclase e cando non é apto para a reciclaxe pode usarse como biocombustible.

Coa recuperación de papel usado para facer novo papel: aforrase un 62% de enerxía, un 86% de auga e diminúe a contaminación das augas continentais nun 92%. Por cada Tm de papel reciclado evítamos que se corten 17 árbores e redúcese o espazo necesario no vertedoiro en 3 m³.

O papel e o cartón son materiais 100% reciclables, polo que todo o papel que se recolle separadamente se recicla. Ese papel, recollido separadamente doutros residuos despois de ser limpadado e clasificado en diferentes calidades ou tipos (papel, cartón, xornais etc.), convértese no que se chama papel recuperado e volve ás fábricas papeleiras como materia prima para fabricar papel novo (papel reciclado). Deste xeito, péchase o ciclo do papel.



COLECTOR DE PAPEL (normalmente de cor AZUL): papel e cartón

Que depositar nel:

Papel e cartón limpos, incluíndo envases e embalaxes de cartón ben pregados (de electrodomésticos, de xoguete...), todo tipo de caixas de cartón (as de cereais, conservas, galletas, froitos secos, ovos...), sobres de alimentos sen forros de aluminio, bolsas e sacos de papel, sobres, papel de envolver, acolchado de embalaxes, papel de escritura ou impresión, cadernos (sen argolas, grampas etc.), xornais, revistas, folletos, libros...

Non depositar:

Papel vexetal, parafinado, autocalcante, papeis metalizados e plastificados. Cartóns de leite, zume, viño. Envases e papeis que conteñan restos orgánicos (panos de papel, papel de cocina, panos de mesa, bolsas de patacas fritas e aperitivos e, en xeral, nada que leve graxa, restos de alimentos ou restos de orixe animal). Tampouco embalaxes que contivesen cemento ou produtos tóxicos.

Conduitas responsables

Nos nosos fogares xeramos certo volume de cartóns procedentes das embalaxes dos produtos e caixas, todo este cartón deberiamos pregalo para botalo no colector azul.

Debemos esforzarnos por usar a menor cantidade posible de papel, reutilizalo e imprimir polas dúas caras.

Hai que separar o papel e o cartón do resto do lixo, para evitar que se ensucie. Non se pode deixar fóra do colector.

As carpetas usadas pódense empregar para almacenar documentos antigos etc., ou ben doar este material a institucións benéficas, escolas etc.

¿Sabías que?

Separando os tarros, frascos e botellas usados para depositalos despois nos iglús, reducimos o consumo de enerxía, aforramos materias primas e diminuímos os vertedoiros e a contaminación do aire.

Por cada tonelada de vidro usado incluída na fabricación de vidro novo, afórranse 1,2 toneladas de materias primas orixinais.

O vidro é reciclable ao 100% sen que perda a súa calidade.

Coa enerxía que aforra a reciclaxe dunha botella poderíase manter acendida unha lámpada de 100 vatios durante 4 horas.



IGLÚ DE VIDRO (normalmente de cor VERDE): envases de vidro

Que depositar nel:

Botellas de vidro (de todo tipo de bebidas, de aceites etc), frascos e tarros de vidro (de conservas, marmeladas, froitas confeitadas, vexetais, salsas, alimentos infantís, cosméticos e perfumes).

Non depositar:

Tapas e tapóns dos botes de cristal, vasos rotos ou enteiros, cristalerías, vaixelas, vidro plano, vidro armado, vidro laminado etc. Tampouco vidros especiais (parabrisas, pantallas de televisión e ordenador, cristal, ventás, pírex, espellos, lámpadas etc.), nin tarros ou botellas de medicamentos.

¿Sabías que?

O filtro do cigarro tarda uns 10 anos en descompoñerse.

En Vigo, unha ordenanza municipal establece que o lixo hai que baixalo entre as 21:00 e as 23:00 horas, na zona urbana, e antes das 6:00 no rural.

Non se poden depositar dentro do colector bolsas sen pechar.

Non debemos deixar ningún residuo ao lado do colector. Se o colector está cheo, depositaremos a nosa bolsa no colector máis próximo.

Case o 90% do lixo que vai ao colector xenérico provén de alimentos.

CONTENEDOR XENÉRICO (normalmente de cor VERDE): "O resto"

Que depositar nel:

Restos orgánicos como: restos de alimentos (graxas, espiñas, ósos, peladuras de froitas, verduras, cascas de ovos e de froitos secos), restos de plantas, restos de cabelo e outros residuos animais, animais de compañía mortos, tamén restos de papel e cartón manchado de graxa, manteis de papel, algodón, bastonciños, cueiros e compresas usados. Ademais, lámpadas de filamento, espellos, louza rota, fitas de vídeo e audio, disquetes e CD, bolígrafos, xoguetes de plástico, perchas, restos de madeira, cortiza, cinzas.

Non depositar:

Envases de plástico, latas, tapas metálicas e briks, envases de vidro, papel e cartón limpos.

Excepcións:

En moitos concellos, o colector verde está destinado exclusivamente a residuos orgánicos. Nestes casos, o "resto" (os residuos que non son orgánicos), van a outro colector diferente.

¿Sabías que?

Os residuos orgánicos pódense recuperar principalmente como abono, o chamado compost.



COLECTOR DE RESIDUOS ORGÁNICOS

Que depositar nel:

Materia orgánica, como: restos de comida (graxas, ósos, froitas, hortalizas..), restos de poda e/ou xardinería. Tamén as caixas de madeira, papel e cartón mollados ou manchados con aceite doméstico ou restos de comida.

¿Sabías que?

As pilas son os desperdicios domésticos máis tóxicos que temos na casa, xa que poden conter materiais perigosos como o mercurio, o cadmio, cinc, chumbo, níquel e litio.

Unha soa pila de óxido de mercurio é capaz de contaminar 2 millóns de litros de auga.

Unhas son reciclables, como as de botón de óxido de mercurio, óxido de prata e níquel-cadmio e outras non, como as alcalinas e as de cinc-chumbo, debendo ser levadas a un depósito de seguridade. Pero o noso deber é depositalas todas nos colectores de pilas para que non contaminen o medio.

COLECTORES DE PILAS: pilas

Que depositar nel:

Os MINICOLECTORES DE PILAS atópanse nos illotes de reciclaxe e tamén nalgúns locais comerciais, colexios etc. Neles pódense depositar pilas normais e pilas botón.

Existen, ademais, COLECTORES CON FORMA DE PILA ELÉCTRICA nas rúas. Neles pódense depositar: pilas alcalinas, pilas normais, pilas botón e baterías de teléfono móbil.

¿Qué facer con outros residuos?

¿Sabías que?

Se o botamos polos vertedoiros e polos inodoros provoca múltiples problemas de tipo sanitario e atoaementos nos canos.

Reciclar o aceite vexetal xerado na preparación dos alimentos e/ou restos de conservas vexetais evitará a contaminación de miles de litros de auga (un só litro de aceite contamina 1.000 litros de auga), ademais de impedir complicacións (obstruír desaugadoiros, dificultar o funcionamento de depuradoras, alimentar ratos...) .

¿Sabías que?

Os medicamentos non se poden depositar no caldeiro do lixo nin mesturar con outros envases ou residuos, xa que poden ser moi prexudiciais para o ambiente.

¿Sabías que?

En Vigo se recollen de 4 a 5 toneladas diarias de mobles

Os residuos metálicos os envían ao chatarreiro.



ACEITES VEXETAIS

Os aceites vexetais de uso doméstico (oliva, xirasol, millo), cando están degradados polo seu uso, principalmente por ser utilizados para fritir, considéranse residuos. Aínda que non reciben a cualificación de perigosos, en ningún caso deben verterse polo desaugadoiro dada a súa capacidade para formar películas sobre a auga que impiden a súa osixenación e dificultan a correcta depuración das augas residuais.

En case todos os concellos hai unha campaña municipal de recollida de aceites domésticos usados. Trátase de reciclar o aceite vexetal xerado na preparación dos alimentos e o das conservas.

Tamén os recollen nos supermercados Eroski.

En Vigo, hai unha campaña municipal de recollida de aceites domésticos usados: "Recoller o aceite é coidar o ambiente". As comunidades de veciños poden retirar no concello un recipiente para meter o aceite usado. PMA pasará a recollelo de forma periódica, substituíndo o depósito por outro completamente limpo. Teléfono de información: 986288120.

MEDICAMENTOS

Levarémolos aos Puntos Sigre (colector branco) que podemos atopar nas farmacias.

Que depositar neles:

Os envases baleiros ou con restos de medicamentos, os medicamentos caducados ou en mal estado e os que non se necesiten. Todos eles, xunto coa súa caixa e prospecto.

Non depositar:

Obxectos cortantes ou punzantes, próteses, preservativos, termómetros, agullas, radiografías, material de cura ou cueiros, compresas, bolsas de plasma ou de mostras analíticas, lentes de contacto, lentes e, en xeral, ningún elemento alleo ao sistema (produtos químicos, pilas etc.).

VOLUMINOSOS: MOBLES E TRASTES

Nas vilas e cidades nas que non hai punto limpo, hai un servizo municipal de recollida. Para iso temos que chamar o concello. No caso de Vigo, ao teléfono 986 485 682, de luns a venres, de 9 a 13 horas. A recollida faise todos os días e indicarannos a que hora debemos de baixar o residuo ao portal.

Recóllense neste servizo:

Todos os elementos domésticos que forman parte dunha vivenda, tales como colchóns, somieres, mobles, estufas de butano, madeiras procedentes de armarios etc. E que pola súa natureza, dimensións, volume, peso e outras características fan que teñan que recollese de forma diferente á fracción resto de residuos urbanos.

Non se recollen:

Entullos procedentes de obras domiciliarias, entullos en xeral, residuos forestais, residuos perigosos tales como tubos fluorescentes, aceites e elementos que o conteñan etc.

¿Sabías que?

En aplicación do principio “quen contamina paga”, o produtor debe facerse cargo dos custos da xestión, incluída a recollida dende as instalacións de almacenamento temporal establecidas polos entes locais ou dende os distribuidores, dos residuos que se xeren tras o uso dos aparatos eléctricos ou electrónicos que poñan no mercado a partir do 13 de agosto de 2005. Prevese, así mesmo, o financiamento dos custos de xestión dos residuos procedentes de aparatos postos no mercado antes da devandita data, dependendo de se proceden de fogares particulares ou de uso profesional.

Os aparatos que se poñan no mercado a partir do 13 de agosto de 2005 marcaranse para identificar o seu produtor e para constatar que foron postos no mercado despois da devandita data e etiquetaranse, ademais, cun símbolo que é un colector de lixo riscado, indicativo da necesaria recollida selectiva e diferenciada do resto de lixos urbanos.



RESIDUOS DE APARATOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS

Nesta categoría inclúense os aparatos eléctricos e electrónicos, os seus materiais, compoñentes, consumibles e subconxuntos que os compoñen, procedentes tanto de fogares particulares coma de usos profesionais, a partir do momento en que pasan a ser residuos.

Os usuarios de aparatos eléctricos e electrónicos usados nos seus fogares deberán entregárllelos, cando se desfagan deles, sen custo, aos distribuidores ou ás entidades locais.

Os produtores deberán informar os usuarios dos custos de xestión dos aparatos postos no mercado antes do 13 de agosto de 2005. Esta información especificarase na factura de compra dun novo aparato. Esta obriga poderase manter ata o 13 de febreiro do ano 2011, salvo para os grandes electrodomésticos, que se poderá prorrogar ata o 13 de febreiro do ano 2013. A partir destas datas, este custo deberá quedar internalizado no prezo final do produto.

Nalgúns concellos teñen un servizo de recollida para os fabricados antes do 13 de agosto de 2005, cando non vaiamos comprar outro. É o caso de Vigo que, cando non vaiamos comprar outro, se entregarán na planta de recollida do concello, despois de chamar ao 986 281 900. Darannos unha cita para ir levalo.

Recóllense neste servizo:

Grandes electrodomésticos: frigoríficos, conxeladores, outros aparatos utilizados para a refrixeración, conservación e almacenamento de alimentos, lavadoras, secadoras, lavalouzas, cociñas, estufas eléctricas, placas de calor eléctricas, fornos de microondas, outros aparatos utilizados para cociñar e noutros procesos de transformación de alimentos, aparatos de calefacción eléctricos, radiadores eléctricos, outros aparatos utilizados para quentar cuartos, camas, mobles para sentar, ventiladores eléctricos, aparatos de aire acondicionado, outros aparatos de aireación, ventilación aspirante e aire acondicionado.

Pequenos electrodomésticos: aspiradoras, limpamoquetas, outros aparatos e difusores de limpeza e mantemento, aparatos utilizados para coser, facer punto, tecer e para outros procesos de tratamento de téxtiles, ferros de pasar e outros aparatos utilizados para pasar o ferro e para lle dar outro tipo de coidados á roupa, torradora, frixideiras, muíños, cafeteiras, coitelos eléctricos, aparatos para cortar ou secar o pelo, para cepillar os dentes, máquinas de afeitar, aparatos de masaxe e outros coidados corporais, reloxos e aparatos destinados a medir, indicar ou rexistrar o tempo, balanzas.

Equipos de informática e telecomunicacións: ordenadores persoais (incluíndo unidade central, rato, pantalla e teclado), ordenadores portátiles incluídos os do tipo *notebook* e de *notepad*, impresoras, copadoras, máquinas de escribir eléctricas ou electrónicas, calculadoras de mesa ou de peto, outros produtos e aparatos para a recollida, almacenamento, procesamento, presentación ou comunicación de información de xeito electrónico, sistemas e terminais de usuario, terminais de fax, teléfonos incluídos os sen fíos e os celulares, contestadores automáticos, outros produtos ou aparatos de transmisión de son, imaxes ou outra información por telecomunicación.



¿Sabías que?

Cando o usuario adquira un novo produto, que sexa de tipo equivalente ou realice as mesmas funcións que o aparato que se desbota, poderá entregarllo no acto de compra ao distribuidor, que deberá recepcionalo temporalmente, sempre que conteña os compoñentes esenciais e non inclúa outros residuos non pertencentes ao aparato.

As entidades locais de máis de 5.000 habitantes deberán asegurar, a través dos seus sistemas municipais, no marco das súas competencias en materia de xestión de residuos urbanos, a recollida selectiva dos residuos de aparatos eléctricos e electrónicos procedentes dos fogares.

Aparatos electrónicos de consumo: radios, televisores, videocámaras, vídeos, cadeas de alta fidelidade, amplificadores de son, instrumentos musicais, outros produtos ou aparatos utilizados para rexistrar ou reproducir son ou imaxes, incluídas os sinais e tecnoloxías de distribución do son e imaxe distintas da telecomunicación.

Aparatos de iluminación: lámpadas fluorescentes rectas, lámpadas fluorescentes compactas, lámpadas de descarga de alta intensidade, incluídas as lámpadas de sodio de presión e as lámpadas de haluros metálicos, lámpadas de sodio de baixa presión, outros aparatos de iluminación utilizados para difundir ou controlar luz, excluídas as lámpadas de filamentos.

Ferramentas eléctricas e electrónicas: serras, máquinas de coser, ferramentas para torneear, moer, arear, pulir, serrar, cortar, cizallar, tradear, perforar, punzar, pregar, curvar ou traballar a madeira, o metal ou outros materiais de xeito similar, ferramentas para remachar, cravar ou aparafusar ou para sacar remaches, cravos, parafusos ou para aplicacións similares, ferramentas para soldar (con ou sen aliaxe) ou para aplicacións similares, ferramentas para encher, espaxar, propagar ou aplicar outros tratamentos con substancias líquidas ou gasosas por outros medios, ferramentas para cortar céspede ou para outros labores de xardinería, outras ferramentas.

Xoguetes ou equipos deportivos e de tempo libre: trens eléctricos ou coches en pista eléctrica, consolas portátiles, videoxogos, ordenadores para realizar ciclismo, submarinismo, correr, remar etc., material deportivo con compoñentes eléctricos ou electrónicos, outros xoguetes ou equipos deportivos e de tempo libre.

Instrumentos de vixilancia e control: Detector de fumes, reguladores de calefacción, termóstatos, aparatos de medición, pesaxe ou regraxa para o fogar.



¿Sabías que?

A roupa que deixamos nos colectores de Humana selecciónase e sepárase en tres grupos:

A que se envía a África.

A de gran calidade destinada á venda nas tendas de segunda man que Humana ten en España.

A de calidade inferior que impide a súa venda ou doazón e que se destina á reciclaxe industrial.

ROUPA, TRAJOS, CALZADO

Podemos depositalos nos colectores de Humana (xeralmente de cor gris) ou levalos a algunha parroquia ou centro onde recollan roupa para os necesitados, como Cáritas.

RESTOS DE PODAS

Alguns concellos teñen un servizo de recollida para os restos de pequenas podas (non árbores enteiras). En Vigo, hai que chamar ao teléfono 986 281 900. Aos 2-3 días chamarannos para dicirnos cando pasan a recollelos. Este tipo de residuo lévase a puntos asignados nas comunidades de montes, para triturar e logo esparexer no monte.

LENTES USADAS

Recóllenas nalgunhas ópticas, hospitais, clínicas oftalmolóxicas, ONG e farmacias para envalas a países en vías de desenvolvemento.

MÓBILES

Actualmente hai colectores Tragamóvil en tendas de telefonía, servizos técnicos, puntos limpos, concellos, universidades, almacéns/plataformas de telefonía e superficies comerciais, entre outros. Máis información en: www.tragamovil.com.

Tamen se pode doar o móbil que xa non usamos a Cruz Vermella e Entreculturas. Con el conséguense ingresos que son destinados a proxectos educativos, de desenvolvemento e integración, ademais de favorecer a conservación do medio. Para iso, solicítase unha bolsa de recollida na Cruz Vermella, en correos ou en calquera das empresas colaboradoras, como **Naturnova**. Gárdase o móbil na bolsa e depositase (sen selo) en calquera caixa de correo de correos. Máis información: www.donatumovil.org.

UNICEF ofrece a posibilidade de reciclar os móbiles usados, que funcionen, para que poidan ser enviados a países en vías de desenvolvemento. Solicítanse os sobres ou depositase o móbil nas caixas dispoñibles nas tendas de UNICEF ou nas oficinas de correos. O envío postal é gratuíto, só temos que depositalo nunha caixa de correo. Máis información en: <http://www.operacionreciclaje.com/unicef> ou no teléfono 900 997 143.

CARCASAS DE ORDENADORES

Podemos entregalas nos hipermercados Eroski.

CARTUCHOS DE IMPRESORA

Se utilizamos cartuchos que se poden volver encher, temos que levalos a retinxir. Temos que evitar o consumo de medios de impresión que non sexa posible volver encher.

Nalgunhas tendas recóllennos os dun só uso para envalos a reciclar.



¿Sabías que?

5 litros de aceite usado, capacidade normal do cárter dun automóbil, vertidos sobre un lago cubrirían unha superficie de 5.000 metros cadrados cun filme oleoso que perturbaría gravemente o desenvolvemento da vida acuática. A este problema debemos engadir os riscos que implican as substancias tóxicas contidas nestes aceites.

ACEITES DE VEHÍCULOS

Aquí inclúese o aceite do coche e os procedentes de apeiros de labranza como os tractores, entre outros, e os envases que os conteñen. Para desfacernos deles, debemos de ir aos talleres mecánicos correspondentes que han de xestionalos como residuos perigosos.

BATERÍAS DE COCHES

Son un residuo tóxico que non debe ser abandonado. Recóllenas nos establecementos que nolas venderon e tamén en talleres de coches.

PNEUMÁTICOS FÓRA DE USO

Os produtores de pneumáticos están obrigados a facerse cargo da xestión dos residuos derivados dos seus produtos e a garantir a súa recollida e xestión. Especificarán nas facturas de venda ao consumidor ou usuario final dos pneumáticos novos a repercusión no seu prezo final dos custos de xestión do residuo a que dean lugar eses pneumáticos cando se convertan en pneumáticos fóra de uso.

Quedan excluídos os pneumáticos de bicicleta e aqueles cuxo diámetro exterior sexa superior a mil catrocentos milímetros.

Os posuidores de pneumáticos fóra de uso (NFU) xerados con anterioridade ó 4 de xaneiro de 2006 deberán adoptar, por si mesmos as medidas necesarias para garantir a súa correcta xestión ambiental.

PRODUTOS FITOSANITARIOS

A recollida dos envases de produtos fitosanitarios, que teñen a consideración de residuos perigosos ou asimilables a estes non é competencia dos concellos.

SIGFITO obtivo a correspondente autorización da Comunidade Autónoma de Galicia para actuar no seu territorio como sistema integrado de xestión de residuos de envases e envases usados de produtos fitosanitarios.

O agricultor, unha vez enxaugados e aireados, ten que inutilizar os envases picándoos e pode depositalos soltos ou en bolsas de SIGFITO nos puntos de venda ou cooperativas nas que vexa este símbolo:

Aquí poderán ser entregados os envases baleiros polos consumidores finais do seu ámbito e en ningún caso se aceptarán produtos caducados envasados nin envases con produto ou semicheos.



¿Sabías que?

Un Punto Limpo é unha instalación que constitúe un sistema de recollida selectiva e os seus obxectivos son:

– Aproveitar os residuos urbanos susceptibles dunha reciclaxe directa, conseguindo con iso un aforro enerxético e de materias primas, así como unha redución do volume de residuos que é necesario tratar ou eliminar.

– Evitar a vertedura incontrolada dos residuos voluminosos que non poden ser eliminados a través dos servizos convencionais de recollida de lixos.

– Separar os residuos perigosos xerados nos fogares cuxa eliminación conxunta co resto dos lixos urbanos ou mediante a vertedura á rede de saneamento representa un risco para os operarios destes servizos e contribúe á contaminación do medio.

PUNTOS LIMPOS

Para os residuos urbanos que non se poden tirar aos colectores de recollida selectiva créanse os Puntos Limpos, centros de recollida de residuos perigosos ou de gran volume para os que non existe un colector específico na vía pública. Sabemos que os produtos domésticos perigosos como as pinturas ou os voluminosos, como unhas ventás rotas, non poden botarse ao lixo normal. O seu destino máis axeitado son estes Puntos Limpos. Son lugares de recollida gratuíta. Poden ser instalacións aos arredores ou no interior da cidade ou ben un equipo móbil con diferentes paradas na cidade en horarios determinados, onde se poden depositar determinados residuos. Adoitan xestionalos os concellos ou empresas privadas designadas por estes.

A relación de Puntos Limpos existentes en Galicia podemos atopala na páxina do Sistema de Información de Residuos de Galicia (Sirga):

<http://sirga.medioambiente.xunta.es/resurbanos/puntos-limpos.html>.

Que podemos depositar nun punto limpo:

- ♣ Metais.
- ♣ Téxtiles.
- ♣ Calquera residuo que, polo seu tamaño, non poida depositarse nos colectores da rúa (mобles, colchóns).
- ♣ Material inerte procedente de pequenas obras domésticas.
- ♣ Baterías.
- ♣ Radiografías.
- ♣ Residuos perigosos xerados no fogar (restos de produtos químicos, como pinturas, tintas, disolventes, líquidos de revelado ou vernices, envases de insecticidas e fitosanitarios e aceites de locomoción).

Que non podemos levar a un Punto Limpo:

- ♣ Materia orgánica
- ♣ Residuos industriais de grandes e medianas empresas
- ♣ Residuos radioactivos.

LEXILACIÓN

Unión europea

- Directiva 91/689/CEE do Consello, do 1 de decembro de 1991, relativa a residuos perigosos.
- Decisión da Comisión 94/3/CE, do 20 de decembro de 1993, pola que se establece unha lista de residuos, de conformidade coa letra a) do artigo 1.º da Directiva 75/442/CEE do Consello, relativa aos residuos. (DOCE n.º L 5, do 07.01.94).

Observacións:

- *Substituída pola Decisión 2000/532/CE ([DOCE n.º L 226, do 06.09.00](#)).*

- Directiva 96/64/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 1994, relativa aos envases e residuos de envases ([DOCE n.º L 365, do 31.12.94](#)).

Observacións: modificada pola Directiva 2005/20/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2005 ([DOUE n.º L 70, do 16.03.05](#)).

- Decisión 94/904/CEE, do Consello, do 22 de decembro de 1994, pola que se establece unha lista de residuos perigosos en virtude da epígrafe 4 do artigo 1 da Directiva 91/689/CEE do Consello relativa aos residuos perigosos. (DOCE n.º L 356, do 31.12.94).

Observacións:

- *Substituída pola Decisión 2000/532/CE ([DOCE n.º L 226, do 06.09.00](#)).*

- Decisión da Comisión do 24 de maio de 1996, pola que se adaptan os anexos II A e II B da Directiva 75/442/CEE do Consello relativa aos residuos. (DOCE n.º L 135, do 06.06.96).

- Decisión 2000/532/CE da Comisión, do 3 de maio de 2000, que substitúe a Decisión 94/3/CE pola que se establece unha lista de residuos, de conformidade coa letra a) do artigo 1 da Directiva 75/442/CEE do Consello relativa aos residuos e á 94/904/CE do Consello pola que se establece unha lista de residuos perigosos en virtude da epígrafe 4 do artigo 1 da Directiva 91/689/CEE do Consello relativa aos residuos perigosos ([DOCE n.º L 226, do 06.09.00](#)).

Observacións:

- *Modificada polas Decisións 2001/118/CE da Comisión, do 16 de xaneiro ([DOCE n.º L 47, do 16.02.01](#)) e 2001/119/CE da Comisión, do 22 de xaneiro de 2001 ([DOCE n.º L 47, do 16.02.01](#)). Decisión 2001/573/CE do Consello, do 23 de xullo ([DOCE n.º L203, do 28.07.01](#)).*

- Directiva 2000/53/CE do Parlamento Europeo e do Consello, 18 de setembro de 2000, relativa aos vehículos ao final da súa vida útil ([DOCE n.º L 269, do 21.10.00](#)).

Observacións:

- *Trasposta polo Real decreto 255/2003, do 20 de decembro (BOE n.º 3, do 03.01.03)*
- *Afectada pola Decisión 2001/753/CE da Comisión, do 17 de outubro de 2001 ([DOCE n.º L 282, do 26.10.01](#)). Decisión 2001/753/CE da Comisión, do 17 de ([DOCE n.º L282, do 26.10.01](#)). Decisión 2003/138/CE, da Comisión, do 27 de febreiro de 2003 (DOCE n.º L 53, do 28.02.03). Modificado o seu anexo II pola Decisión 2005/63/CE da Comisión, do 24 de xaneiro de 2005_([DOUE n.º L 25, do 28.01.05](#)).*

- Decisión 2000/738/CE da Comisión, do 17 de novembro de 2000, sobre o cuestionario para os Estados membros acerca da aplicación da Directiva 1999/31/CE relativa á vertedura de residuos ([DOCE n.º L 298, do 25.11.00](#)).

- Decisión 2001/118/CE da Comisión, do 16 de xaneiro de 2001, pola que se modifica a Decisión 2000/532/CE no que se refire á lista de residuos ([DOCE n.º L 47, do 16.02.01](#)). Corrección de erros ([DOCE n.º L 112, do 27.04.02](#)).

- Decisión 2001/119/CE da Comisión, do 22 de xaneiro de 2001, que modifica a Decisión 2000/532/CE que substitúe á Decisión 94/3/CE pola que se establece unha lista de residuos, de conformidade coa letra a) do artigo 1 da Directiva 75/442/CEE do Consello relativa aos residuos e a Decisión 94/904/CE do Consello pola que se establece unha lista de residuos perigosos en virtude da epígrafe 4 do artigo 1 da Directiva 91/689/CEE do Consello relativa aos residuos perigosos ([DOCE n.º L 47, do 16.02.01](#)).

- Decisión 2001/573/CE do Consello, do 23 de xullo de 2001, pola que se modifica a Decisión 2000/532/CE da Comisión no relativo á lista de residuos ([DOCE n.º L 203, do 28.07.01](#)).

- Regulamento 1774/2002/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano ([DOCE n.º L273, do 10.10.02](#)).

- *Observacións:* modificado polo Regulamento 808/2003/CE da Comisión, do 12 de maio (DOCE n.º L117, de 13.05.03). Afectado polo Regulamento 811/2003/CE da Comisión, do 12 de maio (DOCE n.º L117, de 13.05.03). A Decisión 2003/334/CE da Comisión, do 13 de maio, establece medidas transitorias relativas ao material recollido ao depurar as augas residuais (DOCE n.º L118, de 14.05.03). Regulamento 92/2005/CE da Comisión, do 19 de xaneiro ([DOUE n.º L19, de 21.01.05](#)) modifica o anexo VI.
- Directiva 2002/96/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xaneiro de 2003, sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos([DOCE n.º L37, do 13.02.03](#)).
 - *Observacións:* modificada pola Directiva 2003/108/CE ([DOUE n.º L345, do 31.12.03](#)), trasposta mediante Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparatos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos ([BOE n.º 49, do 26.02.05](#)).
- Regulamento 808/2003/CE da Comisión, do 12 de maio de 2003, polo que se modifica o Regulamento 1774/2002/CE do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano ([DOCE n.º L117, de 13.05.03](#)).
- Directiva 2003/108/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de decembro de 2003, pola que se modifica a Directiva 2002/96/CE sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE) ([DOUE n.º L345, do 31.12.03](#)).
- Directiva 2004/12/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro de 2004, pola que se modifica a Directiva 94/62/CE relativa aos envases e residuos de envases([DOUE n.º L47, de 18.02.04](#)).
- Decisión 2004/249 da Comisión, do 11 de marzo de 2004, relativa ao cuestionario para os informes dos estados membros sobre a aplicación da Directiva 2002/96/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE) ([DOUE n.º L78, do 16.03.04](#)).
- Decisión 2005/63/CE da Comisión, do 24 de xaneiro de 2005, pola que se modifica o anexo II da Directiva 2000/53/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativa aos vehículos ao final da súa vida útil (DOUE n.º L 25, do 28.01.05).
- Directiva 2005/20/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2005, pola que se modifica a Directiva 94/62/CE relativa aos envases e residuos de envases ([DOUE n.º L 70, do 16.03.05](#)).

Estado Español

- Lei 42/1975, do 19 de novembro, sobre escouras e residuos sólidos e urbanos. (BOE n.º 280, do 21.11.75).
 - Observacións:*
 - Modificado por Real decreto legislativo 1163/1986, do 13 de xuño, polo que se modifica a Lei 42/1975, do 19 de novembro, sobre residuos e escouras sólidas e urbanas (BOE n.º 149, do 23.06.86).
 - Derogada pola Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.
- Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos. (BOE n.º 120, do 20.5.86).
 - Observacións:*
 - Desenvolvida regulamentariamente polo Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, básica de residuos tóxicos e perigosos. (BOE n.º 182, do 30.7.88).
 - Derogada pola Lei 10/1998, do 21 d. Real decreto 833/1988 do 20 de xullo polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, básica de residuos tóxicos e perigosos. (BOE n.º 182, do 30.07.88).
 - Observacións:*
 - Modificado polo Real decreto 952/1997, do 20 de xuño, (BOE n.º 160, do 05.07.97). Aínda que a Lei 20/1986 está derogada, este real decreto segue vixente, segundo o disposto na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.
- [Real Decreto 363/1995](#), do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetado de substancias perigosas.
- Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases (BOE n.º 99, do 25.04.97)
 - Observacións:*
 - Traspón a Directiva do Parlamento e do Consello 94/62/CE, do 20 de decembro, relativa aos envases e residuos de envases. (DOCE L n.º 365, do 31.12.94).
 - Desenvolvida regulamentariamente polo Real decreto 782/1998, do 30 de abril (BOE n.º 104, do 01.05.98) e pola Orde do 27 de abril de 1998 do Ministerio do Medio Ambiente (BOE n.º 104, do 01.05.98). (Corrección de erros: BOE n.º 120, do 20.5.98).

- *Modificada pola disposición adicional sétima da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos. (BOE n.º 96, do 22.04.98).*
 - *Modificada pola disposición adicional décimo novena da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. (BOE n.º 313, do 31.12.97).*
 - *Afectada pola Resolución do 30 de setembro de 1998, da Dirección Xeral de Tributos [aplicación do IVE a operacións dos SIG] (BOE n.º 257, do 27.10.98).*
 - *Afectada pola Orde do 21 de outubro de 1999 pola que se establecen as condicións para a non aplicación dos niveis de concentración de metais pesados ás caixas e paletas de plástico reutilizables que se utilicen nunha cadea pechada e controlada. (BOE n.º 265, do 05.11.99).*
 - *Modificada a súa disposición adicional primeira polo artigo 82 da Lei 14/2000 (BOE n.º 313, de 30.12.00, páxinas [46631] [46695] [46696]).*
 - *Afectada pola Decisión 2001/171/CE da Comisión, do 19 de febreiro de 2001. ([DOCE n.º L 62, do 02.03.01](#)).*
 - *Afectada pola Orde do 12 xuño de 2001. (BOE n.º 146, do 19.06.01).*
- Real decreto 952/1997, do 20 de xuño, polo que se modifica o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos, aprobado mediante Real decreto 833/1988, do 20 de xullo. (BOE n.º 160, do 05.07.97).

Observacións:

- *Publícase a lista de residuos perigosos, aprobada mediante Decisión 94/904/CE.*
- Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos. (BOE n.º 96, do 22.04.98).

Observacións:

- *Traspón a Directiva 91/156/CEE, do Consello, do 18 de marzo de 1991, pola que se modifica a Directiva 75/442/CEE, do Consello, do 15 de xullo de 1975.*
 - *Derroga: Lei 42/1975, do 19 de novembro, sobre escouras e residuos sólidos urbanos; Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos. Modifica a Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases.*
 - *Relaciónase con:*
 - *Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos. [Anexo 1, puntos 1 e 2,] (BOE n.º 22, do 26.01.99), que fai referencia ás disposicións sobre a emisión de fumes e gases contaminantes dos vehículos e a normativa sobre vehículos abandonados contida actualmente na Orde do 14 de febreiro de 1974 (BOE n.º 48, do 25.02.74).*
 - *Lei 11/1999, do 21 de abril. O seu artigo segundo engade na letra a), punto 1 do artigo 71 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobada polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, establecendo cando un vehículo abandonado poderá ser considerado residuo sólido urbano).*
 - *Modificada polo Real decreto lei 4/2001, do 16 de febreiro. (BOE n.º 42, do 17.02.01).*
- Real decreto 1416/2001, do 14 de decembro, sobre envases de produtos fitosanitarios.
- Real Decreto 1383/2002, do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ao final da súa vida útil ([BOE n.º 3, do 03.01.03](#)).

Observacións: incorpora ao dereito interno a Directiva 2000/53/CE.

- Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos.
- Orde INT/249/2004, do 5 de febreiro, pola que se regula a baixa definitiva dos vehículos descontaminados ao final da súa vida útil. ([BOE n.º 37, do 12.02.04](#)).
- Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparatos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos ([BOE n.º 49, do 26.02.05](#)). Corrección de erros ([BOE n.º 76, do 30.03.05](#)).
- *Observacións: incorpora ao ordenamento xurídico interno as directivas 2002/95/CE, 2002/96/CE e 2003/108/CE.*
- Real decreto 1619/2005, do 30 de decembro, sobre a xestión de pneumáticos fóra de uso.
- Real decreto 252/2006, do 3 de marzo, polo que se revisan os obxectivos de reciclado e valorización establecidos na Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, e polo que se modifica o regulamento para a súa execución, aprobado polo Real decreto 782/1998, do 30 de abril.
- Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos.



Galicia

- Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases. (DOG n.º 99, de 25.04.97).
- Lei 10/1997, do 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia. (DOG n.º 168, de 02.09.97).
- Lei 10/2008, do 03 de novembro, de residuos de Galicia. (DOG n.º 224, de 18.11.08).



NATURNOVA

CENTRO INTERACTIVO DE
EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL

